



Comunicado nº 122/19

11 de Xuño de 2019

□ DESACORDO FEDERATIVO NO EIDO DAS EUORREXIÓN-S-EUROCIDADES:

Dende hai máis dun ano a Federación Galega de Automobilismo está a tentar desbloquear os atrancos administrativos e as “Taxas” económicas que están a impoñer a “**Federação Portuguesa de Automobilismo e Karting**” e da “**Real Federación Española de Automovilismo**” para poder facer probas nas Eurorrexións-Eurocidades (Norte de Portugal-Sur de Galicia).

Inicialmente chegouse a un acordo coa F.P.A.K., no eido administrativo e económico, pero ó recibilo “Convenio” da R.F.E.A. no que se pretende impoñer unha “Taxa” de 3.000 €. máis I.V.E., por proba, con outras limitacións e só para a tempada 2019, sen posibilidade de manter nun futuro as condicións, xerando inseguridade xurídica e desconfianza nas vindeiras tempadas, ignorando que as probas deportivas nas Eurorrexións-Eurocidades existentes entre Galicia e Portugal son probas amparadas pola Unión Europea, e pola normativa Comunitaria “Tratado de Lisboa” e “Directiva Schengen”.

Ó demorar tanto o “Convenio”, estamos en xuño, dase por perdida a tempada 2019 ó ser inviable, e inaceptable o “Convenio” que se nos pretende impoñer ignorando os acordos xa existentes entre a F.G.A. e a F.P.A.K.

Chegada a esta situación só nos cabe a consulta ó Secretario Xeral do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, e ante a Unión Europea en Estrasburgo, para informarlles da presunta ilegalidade e ignorancia interesada dos Tratados e Directivas Europeas.

A “Federación Galega de Automobilismo” só pretendía desbloqueala cerrazón da “**Fédération Internationale de l'Automobile**” que actúa as costas dos Tratados e Directivas da Unión Europea, na base da anulación das vinteseite fronteiras, dereitos adquiridos dos deportistas, deberes e obrigacións de acatamento de tódalas Federacións da Unión Europea, que antes que despois todos teremos que respectar, admitir, e acatar.

**ASESORÍA XURÍDICA DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**